





www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-pedagogia



Grao en Pedagogía



www.usc.gal



Pedagogía

O Grao en Pedagogía ten por obxecto formar profesionais da educación e da formación preparados para analizar, deseñar, implementar e avaliar plans de innovación, investigación e calidade educativa, proxectos de formación, orientación laboral e educativa e asesoramento adaptados aos diversos contextos, axentes, institucións e persoas que os demanden.

Tipo Presencial

Área Ciencias Sociais e Xurídicas

Centro Facultade de Ciencias da Educación

Campus Vida:

Rúa Prof. Vicente Fráiz Andón, s/n, 15782
Santiago de Compostela
educacion.decanato@usc.gal

Campus Norte:

Avda. Xoan XXIII, s/n, 15782
Santiago de Compostela
educacion.decanato@usc.gal

Campus Santiago de Compostela

+info www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/dobre-grao-mestre-educacion-infantil-mestre-educacion-0

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 4

Número de prazas: 70

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos que están formados por 60 créditos de formación básica, 144 de materias obrigatorias e 36 créditos optativos.

Mobilidade e prácticas

A mobilidade dos/as estudantes está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. Xestiónanse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (ERASMUS) e extracomunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa).

O Título de grao en Pedagogía inclúe 30 créditos de Practicum, de carácter obrigatorio.

Para poder desenvolvelo, establecéronse convenios de colaboración coas distintas administracións, empresas e institucións sociais (fundacións, concellos, movementos de renovación pedagóxica, asociacións e ONG's), a fin de regular a presenza do alumnado nos diferentes servizos e favorecer o traballo colaborador entre a Universidade e os devanditos centros.

Saídas Profesionais

O pedagogo/a está capacitado/a para intervir nos seguintes niveis:

- No sistema educativo en: formación e asesoramento pedagóxico en centros escolares ou de formación, orientación, deseño e avaliación de contornas Ensino-Aprendizaxe, deseño e avaliación de materiais didácticos e avaliación de plans, proxectos, programas e institucións educativas.
- Nas organizacións comunitarias e laborais como: persoal técnico dos departamentos e servizos de educación e/ou formación de empresas, municipios e organizacións de diverso tipo, formación de formadores, especialista en e-learning, orientación laboral e profesional, avaliación de competencias profesionais.
- En procesos de cambio educativo en persoas e institucións como: mediación en situacións de diversidade cultural e familiar, orientación, especialista en formación ao longo de toda a vida, asesoramento pedagóxico en procesos de cambio institucional, en medios de comunicación e TIC, en asociacións e entidades de carácter educativo ou social, responsable de programas educativos, persoal técnico de programas de formación e desenvolvemento en ONG's.

